2024/PES_03/007268	AMAYA VILAR GONZÁLEZ	***1503**	TAEKWONDO	DESESTIMADA POR IDADE MÁXIMA. BASE 2ª B
2024/PES_03/007269	VALERIA FERNÁNDEZ VILAR	***5647**	TAEKWONDO	PRESENTA DESISTENCIA
2024/PES_03/007437	LEE KENNETH RAMSDALE	***0469**	TIRO CON ARCO	DESESTIMADA POR IDADE MÁXIMA. BASE 2ª B
2024/PES_03/007454	ELENA JOSEPHINE HANSLIP	***8422**	TAEKWONDO	DESESTIMADA NON EMENDA DOCUMENT. (BASE QUINTA)
2024/PES_03/007454	LUCY RUTH HANSLIP	***8422**	TAEKWONDO	DESESTIMADA NON EMENDA DOCUMENT. (BASE QUINTA)
2024/PES_03/007456	HÉCTOR PEÑA DÍAZ	***9611**	KÁRATE	DESESTIMADA POR IDADE MÁXIMA. BASE 2ª B

De acordo co punto OITAVO. ACORDOS DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS. Acordo de resolución provisional, das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados/as poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 d outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica para os efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 16 DE XULLO DE 2024 O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2153

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS DENDE A ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións realizarase, entre outros, de acordo cos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do establecido no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024), dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas dende a Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2024:

ENTIDADE BENEFICIARIA	NIF	TIPO SUBV.	OBXECTO	ÓRGANO CONCEDINTE	DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE	APLIC. ORZAM.
Camiña, Asoc. comarcal da Mariña Lucense	G27131275	Nominativa	Medrar dende o lecer	Presidencia	11/04/2024	7.000,00 €	3342.48900
Asociación cultural Fanto Fantini	G27455872	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	30/05/2024	14.000,00 €	3342.48900
Club de piragüismo Altruán de Ribadeo	G27282946	Nominativa	Investimentos	Presidencia	08/04/2024	5.000,00 €	3342.789
Club de remo Ribadeo	G27136704	Nominativa	Investimentos	Presidencia	23/04/2024	5.000,00 €	3342.789
Asociación cultural e lúdica Catro Caños	G72667249	Nominativa	Organización Festival Vendaval	Presidencia	21/05/2024	4.000,00 €	4190.48900
Asociación de criadores do Cabalo de Pura Raza Galega	G27334168	Nominativa	Actividades	Presidencia	21/05/2024	10.000,00 €	4190.48900
Asociación As San Lucas	G27438233	Nominativa	Feira As Quendas 2024	Presidencia	19/05/2024	5.000,00 €	4190.48900
Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo	Q2771001A	Nominativa	Actividades formativas	Presidencia	07/05/2024	5.000,00 €	4190.48900
Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia	G15476286	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	08/04/2024	10.000,00 €	4190.48900
Asoc. CORRIPA	G27506823	Nominativa	Xornadas de desenvolvemento rural	Presidencia	11/06/2024	21.000,00 €	4190.48900
Asociación de desenvolvemento rural Serra do Caurel	G27237494	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	10/06/2024	3.000,00 €	4190.48900
Asociación nacional de criadores ganado vacuno selecto raza Rubia Gallega (ACRUGA)	G27007061	Nominativa	Actividades	Presidencia	08/04/2024	2.500,00 €	4190.48900
Asociación veciños O Salgueiriño	G27204833	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	29/04/2024	4.500,00 €	4190.48900
Asociación cultural As Cavarcas	G16827248	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	14/06/2024	3.100,00 €	4190.48900
Asociación de veciños Virxen da Saleta	G27217124	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	29/04/2024	3.000,00 €	4190.48900
Asociación cultural Festas do San Rosendo	G27513936	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	29/04/2024	5.000,00 €	4190.48900

Asociación de veciños O Bubaíño San Cristobo de Castro Carballedo	G27307784	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	21/05/2024	6.000,00 €	4190.48900
Asociación de veciñas e veciños de San Cosme de Piñeiro	G01848530	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	29/04/2024	2.500,00 €	4190.48900
Asociación Equus Norte	G27462613	Nominativa	Investimentos e funcionamento	Presidencia	04/06/2024	18.000,00 €	4190.48900 (3.000,00 €) 4190.789 (15.000,00€)
Asociación de Asesores Rurais de Galicia	G16907396	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	14/06/2024	10.000,00 €	4190.48900
Asociación para a desintensificación no agro (AEDA)	G27369099	Nominativa	Actividades e funcionamento	Presidencia	18/06/2024	45.000,00 €	4190.48900
Asociación de criadores da raza porcina Celta	G27243500	Excepcional	Agro dinámico con Porco Celta	Presidencia	21/05/2024	12.000,00 €	4190.48911

Lugo, 15 de xullo de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 7 de xullo de 2023, O DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE, Daniel García Fernández.

R. 2149

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 2/2024- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de **163.805,00 €** (Cento sesenta e tres mil oitocentos cinco euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 148, de data 27/06/2024), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	Aplicación orzamentaria	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
136	221	2.000,00	87000	163.805,00
1522	212	26.722,00		
1531	210	15.200,00		
1532	210	20.000,00		
160	221	18.150,00		
161	221	8.150,00		
161	633	20.000,00		
171	221	12.200,00		
312	212	7.000,00		
342	212	7.350,00		

433	609	1.033,00		
453	210	11.000,00		
453	227	15.000,00		
Total.....		163.805,00	Total.....	163.805,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 2/2024 no orzamento para o ano 2024, os interesados/as debidamente lexitimados poderan interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Bóveda, 19 de xullo de 2024.- O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 2182

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 3/2024- expediente de crédito extraordinario- dentro do vixente Orzamento por importe de **135.000,00 €** (Cento trinta e cinco mil euros), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 148, de data 27/06/2024), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS	
Aplicación Orzamentaria		AUMENTO (EN EUROS)	Aplicación orzamentaria	AUMENTO (EN EUROS)
Por progr.	Económica		Económica	
151	690	90.000,00	87000	135.000,00
453	619	45.000,00		
Total.....		135.000,00	Total.....	135.000,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 3/2024 no orzamento para o ano 2024, os interesados/as debidamente lexitimados poderan interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Bóveda, 19 de xullo de 2024.- O Alcalde, D. José Manuel Arias López.

R. 2183

BURELA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 12 de xuño de 2024, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Segundo Bimestre do exercicio 2024, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de

reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 18 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 2154

CARBALLEDO

Anuncio

A Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada con data 15 de xullo de 2024, ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Carballedo correspondente ao exercicio económico de 2023, o que faise público de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, advertindo que durante o prazo de quince días os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunos.

Durante o antedito prazo poderá examinarse o expediente en horario de nove a dúas, de luns a venres, na Secretaría do Concello.

Carballedo, 16 de xullo de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco

R. 2163

LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto no artgo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, sustanciárase unha consulta pública por un prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS**, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza reguladora do servizo de taxi.

Durante este trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións que consideren que resultan afectadas polas futura norma, poden facer chegar as súas opinións indicando os seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a taxis@lugo.gal acerca de:

- dos problemas que se pretenden solucionar con esta norma.
- da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- do obxectivo das normas.
- das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As alegacións que cumpran o requisito recibirán acuse de recibo a través de dita dirección de correo electrónico.

Lugo, 15 de xullo de 2024.- O Tenente de Alcaldesa de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas, Rubén Arroxo Fernández.

R. 2155

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 1/07/2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de XUÑO de 2024, polo importe total de 3.902,03€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 1 de Xullo de 2024.- O Alcalde, P.D. O 1º Tte. Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 2156

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A ADXUDICACIÓN DE SEIS VIVENDAS SOCIAIS MUNICIPAIS, SITAS NO EDIFICIO ANEXO Á ESCOLA, ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES, EN RÉXIME DE ALUGUER.

1.- OBXECTO DO PREGO. CARACTERÍSTICAS DAS VIVENDAS A ALUGAR.

É obxecto deste Prego a regulación do procedemento de selección para adxudicar, en réxime de aluguer, seis vivendas sociais de titularidade municipal situadas no edificio, das antigas vivendas dos Mestres, sito na Avda. de Outeiro do núcleo da Pobra do Brollón con referencia catastral número nº 1924707PH3112S0001IE, ben patrimonial de titularidade municipal.

As características de cada vivenda obxecto de adxudicación describíranse no correspondente contrato de aluguer e cederanse reunindo os requisitos de dignidade e habitabilidade para o seu uso.

A formalización do contrato de aluguer efectuarase en función á efectiva dispoñibilidade da vivenda.

2.- CONDICIÓNS PARA A ADMISIÓN DE SOLICITUDE

2.1 Para ser persoa beneficiaria da adxudicación as unidades familiares ou de convivencia, deberán reunirse as seguintes condicións xerais á data do remate do prazo de presentación das solicitudes:

- Ter uns ingresos inferiores 2,5 veces o IPREM de acordo co rateo establecido no punto 3.3.
- Non ter a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e goce, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.
- Non ter sido beneficiario ou beneficiaria nos últimos quince anos de vivendas de promoción pública, tanto en réxime de propiedade como en calquera outro réxime de cesión de uso.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e resto de ingresos procedentes da Tesourería Municipal.
- Estar empadroadado no Concello da Pobra do Brollón durante un período non inferior a 3 anos previos á data da publicación do presente prego. No caso de quedaren vivendas desertas, poderán acceder persoas non empadroadas no Concello.
- Acreditar mediante o certificado expedido polo Ministerio de Xustiza a carencia de delitos de natureza sexual (Requisito que se considera esencial debido á integración das vivendas dos Mestres no complexo educativo anexo).

2.2. O incumprimento de calquera das condicións anteriores producirá a non admisión da solicitude.

3. BAREMO PARA A FORMACIÓN DE LISTADO DE PERSOAS DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER.

Para a adxudicación, as solicitudes ordenaranse consonte ao seguinte baremo

I. Necesidade da vivenda (só puntuará por un dos apartados):

- Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial, 10 puntos
- Habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade, edificios en ruína ou non residenciais, 10 puntos.
- Carecer dunha vivenda por atoparse nalgunha das seguintes condicións (Só unha das situación).
 - Aloxamento en establecemento público, 5 puntos.
 - Aloxamento en hospedaxe ou en convivencia con outros familiares ou familia amiga, 8 puntos.
 - Alugamento de vivenda, 5 puntos
- Solicitude de vivenda por ter pendente expediente de desafiuzamento xudicial ou administrativo por ter executado o desafiuzamento nun prazo non superior a seis mes con anterioridade á solicitude, 10 puntos.

II. Circunstancias persoais e familiares:

Entenderase por familia a unidade familiar de convivencia, formada polo solicitante, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, ascendentes e fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda, incluíndo os menores vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar.

- a) Residir no Concello da Pobra do Brollón, en función do tempo que se leve empadroado, dando 1 punto por cada ano completo empadroado no concello e ata un máximo de 4 puntos a partir do terceiro ano.
- b) Por discapacidade, dependencia ou idade superior aos 65 anos dalgún membro da unidade familiar, segundo o grao

Do 33 % ao 65%: de discapacidade e/ou grao I de dependencia 2 puntos.

Do 66% ao 100%: de discapacidade e/ou grao II ou III de dependencia 4 puntos.

- c) Pola condición de familia monoparental: 5 puntos.
- d) Pola condición de familia numerosa: 4 puntos.
- e) Familias con proxecto de intervención de servizos sociais, 5 puntos.
- f) Vítimas da violencia de xénero debidamente acreditado documentalmente, 5 punto.

III. Circunstancias económicas:

Cociente de dividir os ingresos familiares totais entre o número de membros da unidade familiar.

Cociente por membro IPREM, € do ano en curso

- a) 80% do IPREM, 10 puntos.

O solicitante que supere este importe, aplicarásele a fórmula seguinte:

$10 \times \text{Imprem} / \text{renda do solicitante}$.

- b) Situación legal de desemprego de tódolos membros da unidade familiar, 5 puntos.

As solicitudes que non acaden a puntuación mínima de 10 puntos na fase de puntuación dos criterios de adxudicación quedarán excluídas do listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer.

O Concello da Pobra do Brollón resérvase o dereito a puntuar cero se non se declaran todos os ingresos familiares ou non se presenta toda a documentación ao respecto.

4.- SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN.

O prazo de presentación das solicitudes será de 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación do presente prego no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web. Coas solicitudes, que se formalizarán no modelo facilitado ao efecto polo Concello, terán que achegarse (tamén consonte ao modelo aprobado polo Concello) declaración ou declaracións onde se especificarán os datos persoais e da unidade de convivencia, os relativos ao cumprimento das condicións xerais de admisión contempladas no Prego así como a seguinte documentación:

- **Datos sobre a identidade do solicitante e membros da unidade familiar:**
 - Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou tarxeta de identificación de cada un dos membros da unidade de convivencia.
 - Fotocopia do Libro de familia (se é o caso).

- **Datos acreditativos sobre da necesidade da vivenda:**

- Documento acreditativo da situación que se alega na solicitude:
- Informe técnico especificando a situación da vivenda no caso de alegar deficiencias técnicas
- Contrato de aluguer e recibos dos pagos feitos das últimas mensualidades.
- Calquera outro documento que acredite a situación na que se atopa a unidade familiar.

- **Circunstancias persoais e familiares:**

- Certificado de empadramento de todos os membros da unidade familiar coa indicación da antigüidade do solicitante.
- Certificación do grao de discapacidade.
- Calquera documentación acreditativa de atoparse afectada por situación estipulada en calquera apartado do punto 2 das presentes bases.

- **Situación económica.**

Acreditación da situación económica mediante a seguinte documentación:

- Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar obrigados a presentala; ou certificado negativo da Axencia Tributaria consonte non está obrigado á súa presentación.
- Nóminas ou certificados de empresa que acrediten os ingresos obtidos por rendementos de traballo.
- Certificado de pensións ou prestacións (no caso da súa percepción).

5.- FORMACIÓN DO LISTADO DE PERSOAS DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER.

Rematado o prazo da presentación de solicitudes, por parte do Departamento de Servizos Sociais procederase á valoración dos criterios de adxudicación das vivendas co obxecto de determinar o listado por orde de puntuación das persoas beneficiarias. Examinadas as solicitudes presentadas, feitas as subsanacións precisas, e as comprobacións de oficio, procederase á aprobación da correspondente lista provisional de persoas admitidas e excluídas e orde de puntuación para seren beneficiarias das vivendas sociais en réxime de aluguer.

Realizada a proposta polo Departamento de Servizos Sociais, a lista provisional aprobarase por resolución da Alcaldía. A lista provisional quedará exposta no taboleiro de anuncios do Concello así como na súa páxina web durante dez días hábiles, para que as persoas interesadas, se así o estiman oportuno, interpoñan as reclamacións que consideren oportunas.

Transcorrido o período de reclamacións, e seren resoltas, o Pleno aprobará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas coa orde de preferencia, contra o dito acordo poderase interpor polos interesados o recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou directamente diante da xurisdición contencioso - administrativa na forma e prazos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

A Vixencia da lista será de 2 anos.

En función á dispoñibilidade de vivendas sociais, pola Alcaldía procederase a comunicar ás persoas demandantes pola orde de preferencia para a formalización da adxudicación mediante o correspondente contrato de arrendamento.

En función á dispoñibilidade de vivendas sociais, pola Alcaldía procederase a comunicar ás persoas demandantes pola orde de preferencia para a formalización da adxudicación mediante o correspondente contrato de arrendamento.

As persoas seleccionadas, no prazo de dez días naturais contados desde a notificación da adxudicación ao seu favor, deberán aceptar formalmente a adxudicación e comprometerse a formalizar o contrato no prazo que se sinala.

Unha vez formalizado o contrato de aluguer, procederase á entrega das chaves, debendo ocuparse a vivenda adxudicada no prazo máximo dun mes a contar desde a entrega das mesmas. No caso de incumprimento desta última condición rescindirase o contrato.

Cada vez que se produza unha vacante na vivenda alugada o Concello poderá adxudicala entre os solicitantes en lista de espera. Antes da súa nova adxudicación, o Concello poderá supervisar os datos das unidades de convivencia en lista de espera, para comprobar a vixencia dos requisitos determinantes para seren beneficiarios de vivendas sociais.

Quen acceda ás vivendas en aluguer a través da lista de espera, o farán subrogándose no contrato do arrendatario que deixara vacante a vivenda, e polo período restante para a finalización do contrato.

6.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Agás disposición en contrario nos correspondentes contratos de arrendamento, o contrato de aluguer que se outorgue realizárase por un período de cinco anos, contados desde a formalización do arrendamento en documento administrativo, e, no seu caso, poderán prorrogarse, ata o máximo permitido en todo caso pola lei.

Para a validez da prórroga as persoas arrendatarias deberán cumprir todos os requisitos esixidos como beneficiarias de vivendas sociais. Unha vez expirado o prazo do contrato, as persoas arrendatarias poñerán a vivenda a disposición do Concello, sen necesidade de requirimento algún. Con antelación suficiente ao vencemento do contrato, o Concello da Pobra do Brollón iniciará un novo procedemento para volver a adxudicar a vivenda social en réxime de aluguer.

7.- RENDA MENSUAL INICIAL, REVISIÓN, FORMA DE PAGO E FIANZA.

Agás disposición en contrario ou actualización económica nos correspondentes contratos de aluguer, como prezo do arrendamento, fíxase como renda mensual a cantidade de 100€ a pagar por meses anticipados, dentro dos cinco primeiros días de cada mes. O prezo do aluguer inclúe os gastos xerais do inmovible, servizos, tributos, cargas e demais responsabilidades non susceptibles de individualización, pero non así os gastos por servizos cos que conta a vivenda arrendada e que se individualizan mediante aparatos contadores, que serán de conta do arrendatario, así como a taxa pola recollida do lixo. O non pagamento da renda non xustificado por dificultades económicas manifestas e obxectivas será causa de desafiuzamento. A renda mensual revisarase de acordo co IPC anual experimentado no ano inmediato anterior, segundo a publicación do INE.

Os adxudicatarios deberán presentar fianza suficiente polo importe de 1 mensualidade previamente á sinatura do contrato de aluguer. O obxecto da fianza será a de cubrir a falta de pagamento dalgũa mensualidade, dos posibles danos ou á vivenda ou ao seu equipamento que se entrega conxuntamente con ela.

8.- CONDICIÓNS DO ALUGUER E USO DAS VIVENDAS ARRENDADAS.

As vivendas obxecto do presente Prego estarán suxeitas ás prohibicións e limitacións derivadas da normativa particular do réxime de protección oficial ou promoción pública. A persoa arrendataria estará obrigada a ocupar a vivenda e a destinala á súa residencia habitual e permanente, non podendo estar desocupada a mesma de xeito habitual ou adicada a segunda residencia ou a outros usos non autorizados. Se a fose a desocupar por un período superior a 2 meses, o arrendatario deberá previamente comunicar por escrito a devandita circunstancia ao Concello e explicar as razóns da desocupación. O incumprimento da obriga de ocupar a vivenda será causa de resolución do contrato de arrendamento. O Concello terá dereito a acceder á vivenda para revisar peridiocamente as súas condicións de conservación e habitabilidade, avisando con antelación aos arrendatarios do día e hora na que pretenda facer a inspección.

As reparacións nas vivendas que sexan precisas para conservalas en condicións de habitabilidade correrán a cargo do Concello da Pobra do Brollón, agás os danos imputables ao arrendatario conforme ao disposto nos arts.1.563 e 1.564 do Código Civil. Os/as adxudicatarios/as non poderán facer cesión do contrato de aluguer a favor doutra persoa, de facerse será causa de resolución do contrato.

O mantemento e coidado de cada vivenda levarase a cabo por cada usuario, responsabilizándose de calquera dano ou uso indebido da mesma ou dos mobles e do chan. Calquera dano ou outra será reparado ou repostado por cada usuario. De non facelo será reparado polo concello á súa conta.

O contrato de cesión do uso da vivenda poderá ser resolto de forma unilateral polo Pleno da Corporación, previo informe dos Servizos Sociais, por un mal uso da vivenda, deterioro intencionado da mesma, do mobiliario, falta de hixiene e limpeza tanto das zonas comúns da vivenda, molestias aos veciños.

9.- INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS.

O incumprimento das condicións a que se refiren as presentes Bases, a falsidade dos datos relativos ás circunstancias susceptibles de baremo, e en xeral, o incumprimento da normativa de vivendas sociais, dará lugar á rescisión do contrato e a unha nova adxudicación da vivenda entre os solicitantes que figuren na lista de espera.

10.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello da Pobra do Brollón, Avda. Galicia, 50- A Pobra do Brollón.

11.- NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto expresamente nos pregos de condicións será de aplicación o previsto na Lei de Arrendamentos Urbanos.

A Pobra do Brollón, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Jose Luis Maceda Vilariño.

R. 2158

A PONTENOVA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 15 de xullo de 2024, aprobouse definitivamente o Proxecto de Urbanización para a execución material do seguinte sector:

Unidade de Actuación Afectada	SECTOR S-PE2
Instrumento de Plan que desenvolve	Modificación Puntual das NSP do Concello de A Pontenova no ámbito do Parque Empresarial aprobada definitivamente o 21 de xaneiro de 2.019 (BOP de 21/03/2019)

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de LUGO, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A Pontenova, 15 de xullo de 2024.- O ALCALDE, Darío Campos Conde.

R. 2162

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE XUÑO DE 2024**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 8 de xullo de 2024.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2159

O VICEDO

Anuncio

Don José Manuel Álvarez Rodríguez, veciño de Bertamiráns – Ames (A Coruña), solicita corte da vía pública no lugar da Torre, parroquia de Suegos, termo municipal do Vicedo, coa fin de proceder a un entroncamento á rede municipal de auga. De conformidade co preceptuado no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ábrese un período de información pública de 20 días hábiles a efectos de que calquera persoa física ou xurídica poda examinar o expediente e formular as alegacións que teña por conveniente.

O Vicedo, 17 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2164

VIVEIRO

Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, da Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para a contratación de oito socorristas para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, ao amparo da orde do 27 de maio de 2024 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, das Bases Reguladoras para a selección e contratación de oito empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro.

Tendo en conta que quedan postos de socorristas vacantes.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal socorristas 2024 para a época estival de praias 2024.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para cinco postos de socorristas, de **5 (CINCO) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Indicar que as Bases Reguladoras para a selección e contratación de empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 16 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretaria Accidental, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Nieves Leitaó Cora.

R. 2160

Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

No Boletín Oficial da Provincia número 127, de 03 de xuño de 2024, publica a convocatoria do proceso para a selección de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do

Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024.

Tendo en conta que un posto de xefe de brigada está vacante.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024 segundo os prazos estipulados no Convenio de Colaboración polo que se regula e financia esta contratación.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de un xefe de brigada, de **5 (CINCO) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de un xefe de brigada, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2024, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 12 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Maria Luz Balsa Rábade.

R. 2161